

Resolución do 5 de xaneiro de 2023, pola que se publica a relación de solicitudes aprobadas e denegadas das axudas de agroambiente e clima (submedida 10.1) e de agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2) da campaña 2022, cofinanciadas ao 100 % polo Fondo EURI


A Orde do 21 de xaneiro de 2022 (DOG do 31/01/2022), a Consellería do Medio Rural regulou a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e as axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

Por outra banda, de conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 7/2014, 16 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (de aquí en diante Fogga), atribuíuse á Dirección do Fogga a potestade de resolver os procedementos de concesión de axudas que se tramiten no ámbito das súas competencias.

Examinados os expedientes das persoas solicitantes e unha vez verificado o cumprimento dos requisitos para ter a condición de beneficiario, de acordo coa mencionada orde, **RESOLVO:**

A concesión e denegación das axudas de acordo ao anexo que se xunta.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2023



Silvestre José Balseiros Guinarte
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria